<ul style="list-style-type: none"> B3.6. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade entre homes e mulleres. 	<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.6.1. Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCL 	Colabora con persoas doutro sexo en diferentes actividades.		
	<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.6.2. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE 	Realiza xogos de rol de distintas actividades asociadas cun determinado sexo.		
<ul style="list-style-type: none"> B3.7. Tomar medidas preventivas, valorando a importancia de previr accidentes domésticos. 	<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.7.1. Valora a importancia do coidado do corpo e a saúde e de previr accidentes domésticos. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE 	Valora a importancia do coidado do corpo e a saúde e de previr accidentes domésticos		
	<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.7.2. Razona as repercusións de determinadas condutas de 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSIEE 	Razona as consecuencias de determinadas		

	risco sobre a saúde e a calidade de vida.		condutas de risco.		
	<ul style="list-style-type: none"> VSCB3.7.3. Expressa as medidas preventivas dos accidentes domésticos máis frecuentes. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC 	Coñece algunhas medidas de prevención de accidentes domésticos.		

Área: Lingua Galega e literatura

Cráterios Avaliación	Estándar Aprendizaxe	C. Clave	Mínimo esixible	Instrumento de Avaliación	Cráterios de corrección
B1.1. Comprender a información xeral e relevante de textos orais sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.1.1. Comprende a información xeral e relevante de textos orais sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	Comprende a información xeral e relevante de textos orais sinxelos procedentes da radio ou da televisión.	Diario. Observación.	
	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.1.2. Recoñece a función dos medios de comunicación como fonte de información. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC 	Recoñece a función dos medios de comunicación como fonte de información.		
B1.2. Comprende informacións audiovisuais sinxelas procedentes de diferentes soportes.	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.2.1. Comprende informacións relevantes sinxelas dos documentos audiovisuais que inclúan imaxes e elementos sonoros de carácter redundante. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CAA CSC 	Comprende a información relevante de documentos audiovisuais axeitados á súa idade.		
B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CSEIEE 	Participa nas conversas de aula con atención e comprendendo o que se está a falar.	- Escala de apreciación de actitudes.	- Estableceranse catro niveis para cada indicador: sempre, habitualmente, ás veces, rara vez.
	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.3.2. Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo e pregunta, se é preciso, para verificar a súa comprensión. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	Atende a exposicións breves e pregunta se ten dúbidas.		
	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais sinxelos ante a clase e responde preguntas elementais sobre o seu contido. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSIEE CAA 	Fala axeitadamente, sobre cousas ou feitos que lle aconteceron e responde preguntas.		
	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.3.4. Participa no traballo en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSIEE CAA 	Participa no traballo en grupo.		
B1.4. Manter unha actitude de escoita adecuada, respectando as opinións dos e das demais.	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais en conversas e exposicións, sen interromper. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC 	Escoita con atención e respecto aos demais.	- Escala de apreciación de actitudes.	- Estableceranse catro niveis para cada indicador: sempre, habitualmente, ás veces, rara vez.
	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.4.2. Respecta as opinións da persoa que fala. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC 			
B1.5. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CAA 	Respecta as quendas de palabra.	observación	
	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CCEC 	Respecta as opinións dos compañeiros.		
	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CCEC 	Utiliza a lingua galega en distintos contextos.		
	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.5.4. Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CCEC 	Mira á persoa que fala.		

	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.5.5. Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese, unha actitude receptiva de escoita e respecta as opinións das demais persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CCEC 	Amosa interese e respecto polas opinións dos demais nos intercambios comunicativos.		
	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.5.6. Participa na conversa formulando e contestando preguntas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CCEC CAA 	Participa nas conversas, preguntando e contestando.		
B1.6. Usar fórmulas de tratamento adecuadas nos intercambios comunicativos máis habituais	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.6.1. Usa fórmulas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	Usa fórmulas de tratamento adecuadas na súa vida social: saudar, escusarse,...		
B1.7. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.7.1. Amosa respecto ás achegas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSIEE 	Contribúe ao traballo en grupo, respectando o feito polos demais.	- Escala de apreciación de actitudes.	- Estableceranse catro niveis para cada indicador: sempre, habitualmente, ás veces, rara vez.
B1.8. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.8.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación axeitada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CCEC CSIEE 	Interésase por comunicarse en galego.	Observación	
B1.9. Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.9.1. Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC 	Non.		
	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.9.2. Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial ás referentes ao xénero, ás razas e ás etnias. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC 	Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas.	Observación	
B1.10. Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral.	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.10.1. Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación... 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCEC 	Identifica a lingua galega en diferentes contextos.		
	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.10.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCEC CSC 	Non.		
B2.1. Comprender e localizar información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación.	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, <ul style="list-style-type: none"> procedentes dos medios de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CSC 	Comprende información relevante sobre feitos cercanos, procedentes da tele, radio ou prensa.	- Escala de apreciación de actitudes.	- Estableceranse catro niveis para cada indicador: sempre, habitualmente, ás veces, rara vez.
	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitationes, notas e avisos ou mensaxes curtas. 	CCL	Comprende información de textos sinxelos, notas, avisos,...		
	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.3. Localiza información en textos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións). 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCAA CSIEE 	Localiza información en textos didácticos ou cotiás.		
B2.2. Interpretar e comprender, de	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	Interpreta e comprende	Probas escritas de resposta aberta.	Nas probas escritas de resposta aberta

maneira xeral, a información procedente de ilustracións.	información de ilustracións.	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSC CSIEE CMCT 	información de ilustracións.	(Probas de desenvolvemento).	confeccionarase unha escala de apreciación ou unha rúbrica graduada con 4 niveis para cada indicador.
<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras, e dramatiza cando é preciso. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos diversos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	Descodifica textos diversos.	- Escala de apreciación de actitudes.	- Estableceranse catro niveis para cada indicador: sempre, habitualmente, ás veces, rara vez.
	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.3.2. Le textos sinxelos, en voz alta, coa velocidade adecuada. 	CCL	Le textos sinxelos en voz alta coa velocidade adecuada.		
	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.3.3. Fai lecturas dramatizadas de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC 	Fai lecturas dramatizadas.		
<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Coñecer, de forma xeral, o funcionamento da bibliotecas de aula, e de centro como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.4.1. Usa a biblioteca de aula con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC 	Usa a biblioteca de aula con certa autonomía e coidado.	observación	
	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.4.2. Coñece, de xeito xeral, o funcionamento da biblioteca de aula e de centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC 	Coñece o funcionamento da biblioteca de centro.		
<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Ter interese por ter unha biblioteca propia. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.5.1. Coida, conserva e organiza os seus libros. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC 	Coida os seus libros.		
<ul style="list-style-type: none"> B2.6. Amosar interese polos textos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación e de lecer. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.6.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe, medio de comunicación e de lecer. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CCEC 	Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe, medio de comunicación e de lecer.	observación	
<ul style="list-style-type: none"> B2.7. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.7.1. Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias. 	CCL	Elixo os libros en función dos seus intereses e gustos.		
	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.7.2. Explica dun xeito moi sinxelo as súas preferencias lectoras. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CAA CSIEE 	Expresa os seus gustos lectores e di porque.		
<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos, relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.1.1. Produce e reescribe textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSIEE CAA 	Produce e reescribe textos cotiás.	Probas escritas de resposta aberta. (Probas de desenvolvemento).	Nas probas escritas de resposta aberta confeccionarase unha escala de apreciación ou unha rúbrica graduada con 4 niveis para cada indicador.
	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.1.2. Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSIEE 	Elabora textos con coherencia.		
	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.1.3. Usa nos seus escritos o punto, a coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación. 	CCL	Usa os signos de puntuación básicos: punto, coma, dous puntos, signo interrogativo e exclamativo.		
	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CCEC 	Usa correctamente as maiúsculas.		
	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.1.5. Compón, seguindo modelos, textos relacionados coa escola (listaxes, descrições 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	Compón textos sinxelos seguindo modelos.		

	e explicacións elementais) ou cos medios de comunicación social (novas sinxelas, titulares, pés de foto) sobre acontecementos próximo á súa experiencia.	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE 			
<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Elaborar textos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.2.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CCEC CAA CSIEE 	Elabora: carteis, anuncios, cómic.		suficiente e insuficiente.
<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Usar de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.3.1. Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CAA CSIEE 	Crea textos no ordenador, con axuda.		
<ul style="list-style-type: none"> B3.4. Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.4.1. Ilustra creativamente os seus textos con imaxes redundantes co seu contido. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CSIEE 	Ilustra os textos con creatividade.		
<ul style="list-style-type: none"> B3.5. Presentar adecuadamente os traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.5.1. Presenta os textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CAA 	Presenta os textos con limpeza, claridade e boa letra.		
	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.5.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC 	Gústalle escribir.		
<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, enunciados, palabras e sílabas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	Recoñece sílabas e palabras.	Probas obxectivas de resposta cerrada. (Completar frases, relacionar, ordenar, resposta breve, ...)	Nas probas obxectivas de resposta cerrada cada pregunta terá un valor de 1 punto.
<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> LGB4.1.2. Diferenza as sílabas que conforman cada palabra. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	Diferenza sílabas nas palabras.		
	<ul style="list-style-type: none"> LGB4.1.3. Identifica nomes comúns e propios a partir de palabras dadas, frases ou textos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	Identifica os nomes propios e propios en textos ou palabras dadas.		
	<ul style="list-style-type: none"> LGB4.1.4. Sinala o xénero e número de palabras dadas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	Clasifica palabras dadas por xénero e número.		
<ul style="list-style-type: none"> B4.2. Coñecer e aplicar as normas ortográficas máis sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB4.2.1. Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CCEC 	Coñece e aplica as normas ortográficas máis sinxelas nos seus escritos.	Probas escritas de resposta aberta. (Probas de desenvolvemento).	Nas probas escritas de resposta aberta confeccionarase unha escala de apreciación ou unha rúbrica graduada con 4 niveis para cada indicador.
<ul style="list-style-type: none"> B4.3. Recoñecer a relación entre o son e grafía, así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB4.3.1. Recoñece a relación entre son e grafía. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	Recoñece a relación entre son e grafía.	Observación. Debate.	
	<ul style="list-style-type: none"> LGB4.3.2. Identifica as palabras como instrumento para a segmentación da escritura. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 			
<ul style="list-style-type: none"> B4.4. Recoñecer 	<ul style="list-style-type: none"> LGB4.4.1. Recoñece, de forma 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	Recoñece algunhas		

de forma xeral, as diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita.	xeral, as diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita.	• CCEC	diferenzas entre a lingua oral e a escrita.		
• B4.5. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada.	• LGB4.5.1. Compara aspectos moi elementais e evidentes (gráficos, fonéticos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.	• CCL • CAA	Compara algúns aspectos evidentes do galego e do castelán.	Debate	
• B5.1. Recrear e reescribir diversos textos literarios, usando modelos.	• LGB5.1.1. Recrea e reescribe diversos textos literarios sinxelos: contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.	• CCL • CAA • CCEC	Escribe diversos textos literarios, usando modelos.	Escalas de apreciación.	Estableceranse catro niveis para cada indicador: moi ben, ben suficiente e insuficiente.
	• LGB5.1.2. Valora os textos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.	• CCL • CCEC	Valora a literatura galega como parte enriquecedora da nosa cultura e de gozo persoal.	Observación	
• B5.2. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.	• LGB5.2.1. Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.	• CCL • CCEC • CD	Le en silencio.		
	• LGB5.2.2. Le, de forma guiada, textos en voz alta, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora.	• CCL • CCEC • CD	Le en voz alta, con fluidez e expresividade lectora.	Escalas de apreciación.	Estableceranse catro niveis para cada indicador: moi ben, ben suficiente e insuficiente.
• B5.3. Recrear e compoñer poemas sinxelos e relatos breves a partir de modelos sinxelos dados.	• LGB5.3.1. Recrea e compón poemas sinxelos e relatos breves, a partir de modelos sinxelos dados, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas.	• CCL • CCEC • CSC	Comunica sentimentos e emocións con poemas elaborados a partir de modelos.	Observación	
• B5.4. Participar en dramatizacións de textos literarios sinxelos adaptados á súa idade.	• LGB5.4.1. Participa en dramatizacións de textos literarios sinxelos adaptados á súa idade.	• CCL	Dramatiza textos sinxelos.		
• B5.5. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	• LGB5.5.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, e como recurso de gozo persoal.	• CCL • CSC • CCEC	Valora a literatura como medio de comunicación e de gozo.	Debate Exposición	
• B5.6. Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais.	• LGB5.6.1. Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.	• CCL • CCEC	Amosa curiosidade por coñecer outros costumes.		

4. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
Observación directa e rexistro do traballo diario na aula e nos cadernos.	Rexistro anecdótico.	
	Listas de cotexo.	Asignarase a cada indicador un valor proporcional ao total dos aspectos a valorar.

	Escalas de apreciación.	Estableceranse catro niveis para cada indicador: moi ben, ben suficiente e insuficiente.
Análise e valoración de probas especialmente creadas para a avaliación.	Probas orais ao longo de cada unidade.	Cada pregunta da proba oral será valorada con tres niveis: correcta, incompleta ou incorrecta.
	Probas escritas de resposta aberta. (Probas de desenvolvemento).	Nas probas escritas de resposta aberta confeccionarase unha escala de apreciación ou unha rúbrica graduada con 4 niveis para cada indicador.
	Probas obxectivas de resposta cerrada. (Completar frases, relacionar, ordenar, resposta breve, ...)	
	Cuestionarios, tests.	
Análise de proxectos (ensaíos, traballos de produción propia, etc.) Exposicións orais.	Portafolios.	Para a cualificación dos portafolios confeccionarase unha escala de apreciación graduada con 4 niveis para cada indicador.
	Rúbricas.	Nas rúbricas cada indicador terá 4 niveis de desempeño.
	Listas de cotexo.	Asignarase a cada indicador un valor proporcional ao total da proba.
	Escalas de apreciación.	Estableceranse catro niveis para cada indicador: moi ben, ben suficiente e insuficiente.
Entrevistas, charlas, cuestionarios... para coñecer os aspectos afectivos.	Guías de entrevista.	
	Escalas de apreciación de actitudes.	Estableceranse catro niveis para cada indicador: Sempre, habitualmente, ás veces, rara vez.
Debates. Participacións.	Listas de cotexo.	Asignarase a cada indicador un valor proporcional ao total da proba.
	Escalas de apreciación.	Estableceranse catro niveis para cada indicador: moi ben, ben suficiente e insuficiente.
Intercambio de información entre profesores.	Xuntas de equipo docente de nivel.	
	Xuntas de avaliación trimestrais.	
Fichas de rexistro dos logros do alumno.		

5. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Áreas: **Matemáticas, Lingua castelá, Lingua galega, Ciencias sociais e Ciencias da Natureza.**

- Traballo de aula: 40%
- Probas escritas e orais: 40%
- Conduta e actitudes : 10%
- Coidado do material, limpeza e orde: 10%

Área: **Valores Sociais**

- Traballo de clase: 30%
- Revisión tarefas e presentación: 30%
- Observación directa / comportamento : 30%
- Exposición oral: 10%

6. DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación ten como finalidade a adecuación do proceso de ensinanza ás características e necesidades educativas do alumnado e realizar as melloras pertinentes na actuación docente. Por este

motivo debe pasar de ser algo intuitivo e non planificado, a ser algo sistematizado. A avaliación iniciase co diagnóstico da situación inicial dos alumnos. Tanto ao inicio dunha etapa, como cando se cambia de titor ou titora, cambian moitas cuestións nas relacións establecidas e mesmo nas que están por establecer, por iso é importante planificar unha boa avaliación inicial, xa que nos vai proporcionar moita información respecto ao grupo que temos diante e vai facilitar as relacións entre o noso alumnado. Co obxecto de sistematizar acordamos proceder a realizar a avaliación segundo os seguintes parámetros:

A. QUE VALORAR

Rendemento do alumno na etapa anterior. Estilo de aprendizaxe. Personalidade, motivación e intereses. Posibles necesidades específicas de apoio educativo. Situación familiar e ambiental.

B. COMO OBTENIR A INFORMACIÓN

Revisión dos expedientes pessoais dos alumnos: historia escolar, informes de titores anteriores: informe final de curso ou ciclo. Probas de avaliación inicial. Cuestionarios de estilo de aprendizaxe. Entrevista coas familias. Departamento de orientación.

7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade supón un concepto amplo de acción educativa que intenta dar resposta ás dificultades de aprendizaxe, ás discapacidades sensoriais, físicas, psíquicas e sociais, aos grupos de risco, ás minorías étnicas, ao alumnado superdotado, aos inmigrantes, ao alumnado con intereses especiais e a calquera outra necesidade educativa diferenciada e especializada.

A diversidade é unha realidade facilmente observable, e a súa adecuada atención é un dos pilares básicos no que se fundamenta o sistema educativo. Cada alumno e cada alumna teñen unha ampla gama de necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais (xénero, idade, etapa de desenvolvemento madurativo, motivación, intereses, estilos de aprendizaxe, expectativas, procedencia socioeconómica e cultural, orixe étnica, etc.), que deben ser satisfeitas. En consecuencia, o primeiro ciclo estará en condicións de:

- Adaptarse ás características individuais e sociais de cada alumno ou alumna.
- Ofrecer unha cultura común, respectando as peculiaridades de cada cultura propia.
- Adoptar una metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado na súa diversidade.
- Partir dunha avaliación inicial do alumnado en cada núcleo de aprendizaxe que permita detectar os seus coñecementos previos, para facilitar a significatividade dos novos contidos que se deben aprender.

A proposta deste nivel trata de promover a escola comprensiva mediante as seguintes estratexias xerais:

- Adoptar organizacións flexibles dentro da aula, practicando estratexias inter e intragrupoais, para potenciar o traballo con grupos heteroxéneos de alumnos e alumnas.
- Realizar as adaptacións curriculares necesarias para asegurar que se poida manter unha escola na que teñan cabida todos, sexan cales fosen as súas necesidades educativas ou intereses persoais específicos.
- Levar á práctica o programa de orientación e acción tutorial do centro.

Medidas a aplicar co alumnado deste grupo:

Aparte dos que xa foron valorados e están sendo tratados polas mestras de PT e AL, estaremos atentos por se xurden novas necesidades.

8. PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

A educación e valores fai referencia a todos aqueles aspectos que deben de ser tratados explicitamente polos docentes en todas as Áreas de Educación Primaria para lograr sensibilizar ao alumnado sobre diversas problemáticas moi importantes na nosa sociedade (contaminación ambiental, drogas, guerras, discriminacións, igualdade, paz...), contribuíndo ao seu desenvolvemento integral. Polo tanto, falar de educación en valores según o **Decreto 130/2007, do 28 de xuño** no artigo 4.4 e 6.3, é: **Educación para a saúde e calidade de vida:** *educarase para a adquisición de hábitos saudables: alimentación, hixiene e coidado corporal, exercicio físico, prevención de accidentes, sendo moi importante no desenvolvemento integral dos alumnos.* **Educación ambiental:** *promoveranse actividades que axuden a coñecer, gozar, respectar e coidar o ámbito.* **Educación para a paz:** *a convivencia escolar, a realización de actividades complementarias e extraescolares, a práctica de actividades físicas poden propiciar situacións de tensión, enfrontamento, rivalidade, etc. que é necesario resolver cunha actitude de diálogo. Á vez son útiles para promover actitudes básicas de convivencia, respecto, solidariedade, participación...* **Educación do consumidor:** *Proporcionar os instrumentos de análise e de crítica necesarios que permitan unha opinión e unha actitude propias fronte ás ofertas da sociedade de consumo, e que capaciten para tomar conciencia ante o exceso de consumo de produtos innecesarios* **Educación para a igualdade de oportunidades de ambos os dous sexos:** *Apreciar os roles sexuais de forma axeitada e como forma de comunicación plena entre as persoas.* **Educación para o lecer:** *ensinarase a gozar do tempo libre de forma activa e creativa.* **Educación viaria:** *ensinarase ao alumnado a desprazarse de forma autónoma e segura polo ámbito, que coñeza os sinais, normas de circulación, etc.* **Educación moral e cívica:** *formar a cidadáns para a construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria.* **Educación sexual:** *cara a comprensión dunha sexualidade sana e responsable*

A educación en valores forma parte de todos os procesos de ensino e aprendizaxe, por ser un dos elementos de maior relevancia na educación do alumnado. Podemos considerar que a aprendizaxe destes contidos pretende conseguir as finalidades seguintes: 1. Localizar

e criticar os aspectos inxustos da realidade cotiá e das normas vixentes.2. Diseñar formas de vida máis xustas no plano persoal e social.3. Elaborar autonoma, racional e democraticamente os principios xerais de valor que axuden a enxuizar a realidade de forma crítica e con xustiza.4.Facultar aos alumnos para adquirir comportamentos coherentes coas normas elaboradas por eles mesmos e coas dadas pola sociedade democraticamente, buscando a xustiza e o benestar social.

O desenvolvemento da educación en valores estará presente en tódalas áreas de forma transversal, contemplando este aspecto na programación de nivel e aula, garantindo un compromiso axeitado do enfoque da educación en valores a través dos contidos, do exemplo docente e a través de tódalas actividades desenvolvidas no centro educativo. Así mesmo, existe un compromiso no desenvolvemento da educación en valores a nivel de centro educativo, plasmado a través do **Plan de Convivencia** e do PE.

9. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Nas aulas dos cursos de primeiro de educación primaria contamos con:

- EDI por aula.
- Un videoproxector
- Ordenador e conexión wifi.

Ademais poderase facer uso da aula de informática que conta tamén cun ordenador do profesor conectado a un videoproxector e pantalla.

O obxectivo principal é fomentar o coñecemento e uso das novas tecnoloxías para traballar e conseguir acadar a Competencia Dixital .

Obxectivos a curto prazo:

Para o alumnado:

- ☞ Aprender o manexo básico do ordenador.
- ☞ Encendido e apagado.
- ☞ Manexo do rato.
- ☞ Utilizar programas e contornos que faciliten a aprendizaxe das diferentes áreas do currículo.

Para o profesorado:

- ☞ Coñecer o funcionamento básico e distribución dunha rede de ordenadores.
- ☞ Crear unha actitude de interese e autoaprendizaxe no profesorado.
- ☞ Introducir as aplicacións informáticas e de media na aula.

- ☞ Desenvolver materiais curriculares para todas as áreas no marco das novas tecnoloxías, para apoiar estratexias metodolóxicas e didácticas: creación de Miniquests, blogs, vídeos dixitais, materiais para a PDI e Jcllic.
- ☞ Usar internet como ferramenta de busca de información no seu traballo diario e como medio de comunicación co resto da comunidade educativa.
- ☞ Facilitar o acceso da informática aos alumnos con necesidades educativas especiais e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.

Obxectivos a longo prazo

Para o alumnado:

- ☞ Favorecer o uso educativo e lúdico dos medios TIC.
- ☞ Espertar o interese por aprender a apoiarse nun soporte audiovisual de comunicación.
- ☞ Descubrir ou reforzar as aprendizaxes de aula mediante o uso das TIC.
- ☞ Fomentar o traballo cooperativo entre o alumnado.
- ☞ Estimular a creatividade e a imaxinación utilizando estes medios de expresión e comunicación.
- ☞ Potenciar a integración do alumnado con necesidades educativas especiais mediante o manexo de materiais adaptados e flexibles.

Para o profesorado:

- ☞ Coñecer e usar cos alumnos/as as TIC para descubrir e reforzar contidos curriculares.
- ☞ Deseñar programas de apoio a alumnos con necesidades educativas especiais utilizando as vantaxes destes medios.
- ☞ Mellorar o traballo titorial e de docencia, sobre todo na creación de materiais didácticos.
- ☞ Estimular a creación de materiais curriculares con ferramentas de autor (Notebook e Jcllic).
- ☞ Afondar no uso de sistemas operativos e software libre como alternativas para toda a comunidade.

10. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

OBXECTIVOS

Conseguir unha boa convivencia no centro. Fomentar o sentimento de pertenza a un grupo. Aprender métodos para a resolución pacífica de conflitos que nos permitan unha convivencia pacífica dentro e fora da aula. Adquisición por parte do alumnado das competencias necesarias para lograr unhas boas relacións cos demais e co medio no que proporcionar ao centro os medios necesarios para resolver os conflitos. Para conseguir os obxectivos propostos temos en conta **tres aspectos**:

COIDADADO DA PERSOA

Conseguir que os nosos alumnos/as sexan felices. Educar en valores e as habilidades sociais. Adicar especial atención á diversidade entendendo a diferenza coma un valor. **COIDADADO DO ENTORNO**

Para lograr un entorno agradable traballaranse as normas dende cada unha das aulas (orde do material escolar e limpeza), dende o patio de recreo (limpeza e resolución de conflitos) e dende o resto das instalacións: biblioteca, informática...

COIDADADO DAS RELACIÓNS

Entrevistas persoais con cada unha das familias. Entre todo o persoal do centro e, en especial entre o profesorado e o alumnado e entre todo o alumnado polo que é necesario levar a cabo, unha labor tutorial para establecer entre todos unhas normas fundamentais de aula a acadar unha cohesión de todo o grupo.

11. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

A posta en práctica deste documento implica a todas e cada unha das áreas que integran o currículo, polo que se reforzarán aquelas actuacións destinadas ao fomento da lecto-escritura. Os alumnos e alumnas dedican vinte minutos cada día á lectura, que pode ser silenciosa ou colectiva en voz alta, facendo de modelo o profesorado. Para realizar a lectura en voz alta, utilizaranse lotes de exemplares do mesmo título, un para cada alumno/a, para que mentres un le os outros poidan seguir a lectura cómodamente, así como fotocopias de fichas de lectura con pequenos contos.

12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega decidiu que durante o presente curso se tratarán de levar a cabo os obxectivos que a continuación se expoñen, mediante a realización das actividades que se consideren oportunas:

- Fomentar o emprego do galego nas diferentes actividades que se levan a cabo no colexio para conseguir a mellora da competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
- Empregar recursos audiovisuais para a divulgación da lingua galega.
- Apoiar as iniciativas que axuden á divulgación dos diferentes aspectos da nosa cultura.
- Cooperar co Equipo de Actividades Extraescolares na celebración de conmemoracións e actividades que se propoñan.
- Colaborar co equipo de Biblioteca Escolar na localización, rexistro e organización de material en lingua galega que se atopa en diferentes dependencias do centro; no coñecemento de novos materiais bibliográficos e audiovisuais; nas recomendacións de lecturas en lingua galega e na organización de sesións de contacontos en galego.
- Colaborar estreitamente co equipo das TIC para o coñecemento de novos recursos multimedia que permitan o fomento do galego e da nosa cultura e no emprego da web para a súa divulgación.
- Potenciar o emprego do galego escrito dunha forma útil, organizando actividades nas que se anima ao

alumnado a que expresen as súas ideas, opinións, experiencias, coñecementos,.... dun xeito lúdico.

- Manter unha avaliación continua dos proxectos que se van levando a cabo de cara a introducir melloras ou cambios.

13. MÍNIMOS ESIXIBLES E ACTIVIDADES DE REFORZO E RECUPERACIÓN

Establécense os seguintes mínimos esixibles para pasar ao seguinte nivel:

- Lecto-escritura afianzada
- Resolución de problemas básicos dunha operación (suma/resta)
- Sumas e restas afianzadas
- Realización de tarefas con autonomía

A fin de unificar criterios, como norma xeral, non promocionarán aqueles alumnos ou alumnas que non obteñan valoración positiva en 3 materias.

En todo momento teranse en conta as circunstancias persoais e a evolución do alumnado .

As medidas de reforzo e recuperación clasifícanse en **ordinarias** e **extraordinarias** e estarán recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade e nas concrecións anuais de dito plan.

Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

Sen prexuízo do establecido na normativa reguladora de cada etapa ou ensinanza, entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense: a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado. b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado. c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión. d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación. e) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia. f) Desdobramentos de grupos. g) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria. h) Programas de enriquecemento curricular. i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas. j) Programas de recuperación k) Programas específicos personalizados. l) Programas de habilidades sociais.

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación. Sen prexuízo do establecido na normativa reguladora de cada etapa ou ensinanza e da limitación dalgunha a ensinanzas ou etapas específicas, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade, entre outras, as que seguen:

a) Adaptacións curriculares. b) Agrupamentos flexibles. c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe. d) Flexibilización da duración do período de escolarización. e) Programas de diversificación curricular. f) Programas de cualificación profesional inicial. g) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo. h) Grupos de adquisición das linguas. i) Grupos de adaptación da competencia curricular.

A modo de exemplo de actividades de recuperación podemos sinalar as seguintes:

- Fichas de razoamento verbal e de desenvolvemento da intelixencia correspondentes ás unidades traballadas.- Fichas de ampliación correspondente ás unidades traballadas.- Para todos os alumnos e as alumnas: Propiciar a participación dos nenos/as máis inhibidos, na medida das súas posibilidades nas tarefas grupais.- Apoiar de xeito individualizado a aqueles nenos/as que teñan dificultades á hora de facer as súas tarefas.- Reforzar individualmente ou en pequenos grupos ós nenos/as que teñen máis dificultades á hora de realizar as tarefas.- Fichas de reforzo para os alumnos/as que precisan afianzar contidos máis importantes.- Fichas de razoamento verbal e de desenvolvemento da intelixencia correspondentes ás unidades traballadas.- Fichas de ampliación correspondente ás unidades traballadas.

14. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS INCLUÍDOS OS LIBROS DE TEXTO

a) Recursos Persoais

Equipo docente de cada un dos grupos de alumnado, formados por:

- Profesorado titor de cada grupo.- Profesorado especialista que imparte clases no grupo.

Equipo de Orientación e Apoio, formado por:

- Orientadora- Profesorado de pedagogía terapéutica.- Profesorado de audición e linguaxe.

Equipo Directivo

b) Recursos Materiais

Para acadar os obxectivos e contidos do nivel, o alumnado disporá do seguinte material :

- Libros de texto, impresos e dixitais, da editorial Santillana.
- Libros de lectura
- Láminas murais das diferentes temáticas a traballar durante o curso.

- Esqueleto e corpo humano de plástico.
- Material manipulativo en matemáticas para traballar a numeración e os conceptos de unidades, decenas e centenas.
- Youtube: con documentais sobre persoas, animais e plantas.
- Películas infantís con contido histórico.
- Materiais funxibles para a elaboración de murais .
- CD-Audio con lecturas.
- Ábaco e regrestas de cartolina.
- Táboas de multiplicar.
- Billetes e moedas de euros e céntimos de euros.

15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Ao longo do curso 2022/23 os alumnos/as de 2º participarán nas actividades que o Centro organice para as distintas conmemoracións e realizará as saídas que o profesorado propoña.

16. PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

O carácter contínuo da avaliación lévanos a un seguimento do proceso que nos permitirá por un lado coñecer e valorar o traballo dos alumnos/as e o grao en que van acadando os obxectivos propostos. Por outro lado, proporciónanos información constante sobre si este proceso se adapta ás posibilidades dos alumnos/as permitíndonos regular, orientar e corrixir o proceso educativo introducindo as modificacións necesarias para evitar as posibles disfuncións.